



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 8 de outubro de 2020(880/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font (on line)
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas do día oito de outubro de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia en modo presencial e on line dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(839).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(840).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE PARQUES INFANTÍS, ÁREAS BIOSAUDABLES, ÁREAS DEPORTIVAS XIMNÁSTICAS E MOBILIARIO URBANO NA CIDADE DE VIGO PARA DAR CUMPRIMENTO AS MEDIDAS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN DA SAÚDE FRONTE Á COVID-19.EXPTE. 6530/241.EXPTE. 6530/241.

Dáse conta do informe-proposta do 8/10/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, o concelleiro-delegado de Contratación (Resolución 5/10/2020), a titular de Asesoría Xurídica e o Interventor Xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para contratación dos servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivo ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para contratación dos servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivo ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 10 de outubro de 2014, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación dos servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivo ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo (expediente 7524-446), autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- En data 10 de abril de 2015 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en adiante a XGL) acordou:



Concello de Vigo

“Adxudicar á Ferrovial Servicios, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas e mobiliario urbán do concello de Vigo (expediente 7524-446), por un prezo de 1.412.609,52 euros (IVE engadido).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

A execución do contrato comezou en data 1 de maio de 2015, segundo a cláusula 4 do contrato, e terá unha duración de 4 anos a contar desde esta data, podéndose prorrogar a súa duración por períodos anuais ata un máximo de dous, previo acordo expreso do órgano de contratación.

Terceiro.- En data 13 de maio de 2016 a XGL acordou a modificación deste contrato (expediente 8732-446). Dita modificación representou un 6,54% do prezo primitivo do contrato, se ben o primeiro 5 % non afectou ó prezo do mesmo, segundo o disposto no apartado 16.E da FEC do PCAP. Esta modificación formalizouse en data 9.06.2016.

Cuarto.- En data 13 de maio de 2016 a XGL acordou unha nova modificación do contrato que incrementou un 1,11 % o prezo.

Quinto.- En data 7 de outubro de 2020, a xefa do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, coa conformidade do concelleiro delegado, emite informe motivando a necesidade de modificar o contrato nos seguintes termos:

“ En data 11.03.2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) elevou a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19 á nivel de pandemia internacional.

En data 12.03.2020 o Consello da Xunta de Galicia declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

En data 13 de marzo de 2020 por Resolución da Alcaldía acordouse o peche ao público de todas as áreas de xogo infantil e parques biosaudables, zonas de ocio, tempo libre e deportivas.

En data 14.03.2020 por Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19,

O Real Decreto 555/2020, do 5 de xuño, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, prevé, no seu artigo 5, que a superación de todas as fases previstas no Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia de COVID-19, determinará que queden sen efecto as medidas derivadas da declaración do estado de alarma nas correspondentes provincias, illas ou unidades territoriais. Ademais, conforme o artigo 6 do mesmo real decreto, serán as comunidades autónomas as que poidan decidir, aos efectos do artigo 5 e consonte a criterios sanitarios e epidemiolóxicos, a superación da fase III nas diferentes provincias, illas ou unidades territoriais da súa Comunidade e, polo tanto, a súa entrada na «nova normalidade».

No DOG de data 13.06.2020 publicouse a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020 e modificada

posteriormente por Resolución do 25 de xuño, que ten como obxecto, establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020 co fin de buscar un equilibrio entre a necesaria protección da saúde pública e o incremento no número e intensidade das actividades que favoreza a recuperación da vida social e económica, e concretamente a cláusula 3.32 establece medidas concretas respecto a apertura de parques infantís, áreas biosaudables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos similares de uso público ao aire libre.

En data 19.06.2020 emitíuse informe xeral do Servizo de Montes, Parques e Xardíns no que se propoñían medidas preventivas específicas respecto da reapertura dos parques infantís, dos parques biosaudables e das zonas deportivas, pistas skate ou espazos similares de uso público ao aire libre ao obxecto de garantir as determinacións preceptivas establecidas ao efecto no apartado 3.32 do anexo da Resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade que se concretan

- Control diario a través de brigadas de inspección do cumprimento de aforo máximo permitido (unha persoa por cada catro metros cadrados en parques infantís e biosaudables e respecto as zonas deportivas, pistas skate ou espazos similares de uso público ao aire libre establécese aplicando o criterio de prudencia un límite de aforo dun máximo de vinte e cinco persoas conforme o artigo 3.20 do anexo da Resolución respecto de actividades física e deportiva non federada ao aire libre.

- Cartelería onde se recollen as medidas de prevención en materia de mantemento de seguridade interpersonal, normas de uso obrigatorio dos espazos, límite de aforo.

- Realización dun tratamento diario de desinfección contra COVID-19.

En data 21.06.2020 por Resolución da Alcaldía, previo sometemento á Comisión de seguimento do COVID-19 adoptouse acordo de modificar as Resolucións previas desta Alcaldía, de 13 e 15 de marzo no relativo ao peche ao público de todas as áreas de xogo infantil e parques biosaudables, zonas de ocio, tempo libre e deportivas, e decreta:

- Reapertura dos parques infantís a partir do sábado, 20 de xuño de 2020, en horario de 10:00–22:00 horas.

- Reapertura dos parques biosaudables, a partir do domingo, 21 de xuño de 2020, en horario de 10:00 – 22:00 horas.

- Reapertura das zonas deportivas, pistas skate ou espazos similares de uso público ao aire libre en horario de 10:00–22:00 horas, a partir das 10:00 horas do 22 de xuño de 2020.

En data 02.07.2020 a Xunta de Goberno Local, constatado que, dende o momento no que se publicou a resolución o 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, a cidadanía comezou a facer uso destas instalacións a pesar de continuar precintadas e co fin de garantir a protección da saúde pública, acordou a adxudicación dos contratos de emerxencia para a prestación dos servizos



Concello de Vigo

de control diario a través de brigadas de inspección do cumprimento de aforo máximo permitido en parques infantís e biosaudables e respecto as zonas deportivas, pistas skate ou espazos similares de uso público ao aire libre, de subministro de cartelería e de desinfección.

En data 30.09.2020 prevese a finalización dos contratos de emerxencia de control de aforo e desinfección por esgotamento do presuposto máximo aprobado, continuando a situación de emerxencia sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia e a vixencia das medidas preventivas en materia de parques infantís, áreas biosaudables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos similares de uso público ao aire libre.

En data 30.09.2020 emítense informe do Servizo de Montes, Parques e xardíns respecto da conveniencia de peche dalgunhas instalacións (parques) e continuidade da apertura doutras.

Faise necesario incluír na modificación do contrato a prestación do servizo de tarefas auxiliares para o control e vixilancia de aforos e das medidas de seguridade nos parques infantís, áreas biosaudables e zonas deportivas ao aire libre no Concello de Vigo, toda vez que, segundo informe da Policía Local de data 28 de setembro de 2020, poñense de manifesto as dificultades dese servizo para realizar todas as comprobacións esixidas, máis alá dos requirimentos oportunos e as revisións que se puidesen chegar a facer.

OBXECTO DA MODIFICACIÓN

PRIMEIRO.- O contrato do servizo de conservación, así como de reposición das distintas áreas de xogo (parques infantís, áreas biosaudables e deportivas ximnásticas) e mobiliario urbano (bancos e bebedeiros en beirarrúas) ten por obxecto, entre outros, a realización de labores de mantemento de rutina e mantemento correctivo, inspeccións hixiénico-sanitarias con toma de mostra e análise parasitolóxica e bacteriolóxica., labores de limpeza e desinfección do areeiro e dos elementos de mobiliario que estean ubicados dentro do perímetro da zona de xogo así como labores de reposición e renovación dos elementos que integran as distintas áreas e o mobiliario.

Segundo o prego de prescricións técnicas particulares, para a desinfección do areeiro e dos elementos de mobiliario que estean ubicados dentro do perímetro da zona de xogo, utilizaranse produtos inscritos nos rexistros oficiais correspondentes e autorizados para este uso, e o persoal que os manexe será autorizado. Para o manexo, aplicación e prazo de seguridade, de ser o caso, seguiranse as instrucións dadas na etiqueta do produto e polos servizos oficiais correspondentes. A limpeza xeral e a eliminación dos restos e refugos dos elementos de mobiliario deberanse levar a cabo decote. A eliminación de manchas, pintadas, malas herbas e a desinfección dos elementos de mobiliario levaranse a cabo periodicamente de acordo coas necesidades particulares e con intervencións inmediatas cando a raíz das inspeccións sexan necesarias.

O Prego de Prescricións Técnicas regula os horarios para a prestación do servizo.

“A xornada laboral habitual de traballo para a realización das labores obxecto do contrato, desenvolverase entre as 7:45 e as 15:00 horas, de luns a venres. Ademais terase en conta o seguinte:

Dado que os sábados, domingos e festivos é cando máis se utilizan as parques infantís, áreas biosaudables e áreas deportivas ximnásticas, o adxudicatario porá a

disposición os medios necesarios (materiais, humanos,..) para proceder a efectuar todos os labores de mantemento e limpeza, nos citados días, co obxecto de obter as áreas nunhas perfectas condicións de uso e disfrute para os usuarios”.

En materia de parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas skate o espazos similares de uso público ao aire libre a resolución de data 12.06.2020 na redacción conferida pola resolución de 25 de xuño da Secretaria Xeral Técnica de Sanidade recolle a realización dun tratamento diario de desinfección fronte a COVID-19. Por tanto, para cumprir con esta esixencia é axustar as prestacións de desinfección recollidas no prego ás esixencias da Xunta de Galicia en canto a periodicidade e especificidade da desinfección fronte a COVID-19, compre, modificar o contrato para axustar as prestacións á periodicidade e produto.

E por isto que ante a vixencia do estado de emerxencia sanitaria e necesidade da adopción de medidas preventivas en materia COVID-19 impostas pola autoridade sanitaria como requisito do mantemento de apertura de parques propónse a modificación do contrato vixente de prestación dos servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivo ximnásticas e mobiliario urbano ao obxecto de axustar as prestacións as ditas medidas.

En canto ao réxime xurídico aplicable ao contrato haberá que estar ao disposto no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba ao texto refundido da Lei de Contratos del Sector Público (TRLCS) conforme o sinalado na DT 1ª da vixente LCSP que determina que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade a entrada en vigor de dita lei, rexeranse, en canto aos seus efectos, incluída a súa modificación pola normativa anterior.

A posibilidade de modificar os contrato a resolución de data 12.06.2020 na redacción conferida pola resolución de 25 de xuño da Secretaria Xeral Técnica de Sanidade recolle s administrativos aparece regulada con carácter xeral no artigo 219 do TRLCSP establecendo “solo podrán ser modificados por razones de interés público en los casos y en la forma previstos en el título V del libro I, y de acuerdo con el procedimiento regulado en el artículo 211. En estos casos, las modificaciones acordadas por el órgano de contratación serán obligatorias para los contratistas”.

O TRLCSP distingue dous supostos de modificación: modificacións previstas na documentación que rexe a licitación (art. 106) e modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación (art. 107). Neste senso o prego de cláusulas administrativas que rexe o contrato na cláusula 33 determina << 1.- O Órgano de Contratación so poderá modificar o contrato no caso de que así se teña especificado no apartado 16.A das FEC ou sobreveña algunha das circunstancias especificadas no artigo 107 do TRLCSP, dentro, en todo caso, dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na normativa de contratación.

En particular será de aplicación o disposto nos artigos 108, 211, 219 e 306 do TRLCSP.>>

A modificación proposta non constitúe unha causa de modificación prevista no prego polo que haberá que acudir as causas de modificación legais e concretamente a causa prevista no artigo 107 do TRLCSP dispón << 1. Las modificaciones no previstas en los pliegos o en el anuncio de licitación solo podrán efectuarse cuando se justifique suficientemente la concurrencia de alguna de las siguientes circunstancias:

(...)



Concello de Vigo

e) Necesidad de ajustar la prestación a especificaciones técnicas, medioambientales, urbanísticas, de seguridad o de accesibilidad aprobadas con posterioridad a la adjudicación del contrato.

2. La modificación del contrato acordada conforme a lo previsto en este artículo no podrá alterar las condiciones esenciales de la licitación y adjudicación, y deberá limitarse a introducir las variaciones estrictamente indispensables para responder a la causa objetiva que la haga necesaria.

3. A los efectos de lo previsto en el apartado anterior, se entenderá que se alteran las condiciones esenciales de licitación y adjudicación del contrato en los siguientes casos:

a) Cuando la modificación varíe sustancialmente la función y características esenciales de la prestación inicialmente contratada.

b) Cuando la modificación altere la relación entre la prestación contratada y el precio, tal y como esa relación quedó definida por las condiciones de la adjudicación.

c) Cuando para la realización de la prestación modificada fuese necesaria una habilitación profesional diferente de la exigida para el contrato inicial o unas condiciones de solvencia sustancialmente distintas.

d) Cuando las modificaciones del contrato iguallen o excedan, en más o en menos, el 10 por ciento del precio de adjudicación del contrato; en el caso de modificaciones sucesivas, el conjunto de ellas no podrá superar este límite.

e) En cualesquiera otros casos en que pueda presumirse que, de haber sido conocida previamente la modificación, hubiesen concurrido al procedimiento de adjudicación otros interesados, o que los licitadores que tomaron parte en el mismo hubieran presentado ofertas sustancialmente diferentes a las formuladas.

A modificación fundaméntase no interese xeral que non é outro que a protección da saúde pública e ten por obxecto axustar as prestacións obxecto do contrato (conservación de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivo ximnásticas) ás medidas preventivas aprobadas pola autoridade sanitaria para facer fronte a crise do COVID -19, toda vez que finalizados os contratos de emerxencia adxudicados pola Xunta de Goberno local en data 02.07.2020, persiste na Comunidade Autónoma de Galicia a situación de emerxencia sanitaria así como as medidas preventivas en materia COVID-19 continúan en vigor polo que o mantemento da apertura dos parques infantís require do seu cumprimento. Así mesmo, cómpre sinalar que o informe do servizo de data 29.09.2020 fai constar da existencia de incidencias puntuais en diversas áreas e parques infantís sobre a distancia de seguridade, non levar posta a mascarilla e exceso do aforo permitido para as áreas.

Concretamente trala finalización do estado de alarma, a Comunidade Autónoma de Galicia atópase en situación de emerxencia sanitaria segundo acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13.03.2020 declarado ao abeiro do disposto no artigo 36.1 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia. Neste senso o preámbulo da Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, << Neste contexto normativo, o Consello da Xunta, na súa condición de autoridade sanitaria, adopta a través do presente acordo as medidas de prevención necesarias para facer fronte sen dilación, tras a superación da fase III e o conseguinte levantamento das medidas derivadas do estado de alarma, ás necesidades urxentes e extraordinarias derivadas da crise sanitaria do COVID-19, de xeito que quede garantido, por unha banda, que a cidadanía evite comportamentos que xeren riscos de propagación da enfermidade e, por outra banda, que as actividades en que poida xerarse un maior risco de transmisión comunitaria da

enfermidade se desenvolvan en condicións que permitan en todo momento previr os riscos de contaxio.

Neste sentido procede salientar que, ben que se superou a fase aguda da pandemia, debemos manter aquelas formas de vivir que se mostraron eficaces na loita contra dita pandemia e cambiar aquelas outras que nos perxudicaron. Así, as medidas que se adoptan no presente acordo responden, por unha banda, a un equilibrio entre a necesaria protección da saúde pública e o incremento no número e intensidade das actividades que favoreza a recuperación da vida social e económica.>>

E en materia de parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas skate o espazos similares de uso público ao aire libre a resolución de data 12.06.2020 na redacción conferida pola resolución de 25 de xuño da Secretaría Xeral Técnica de Sanidade recolle no punto 3.32 as medidas de prevención específicas << 1. Os parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal ou, no seu defecto, a utilización de medidas alternativas de protección física.

3. Deberán aplicarse as medidas de hixiene e prevención establecidas, especialmente no que se refire a proceder diariamente á limpeza e desinfección destes espazos nas áreas de contacto das zonas comúns, tales como xogos das zonas infantís, aparatos de actividade física ou outro mobiliario urbano de uso compartido.

4. Recoméndase dispor neses espazos, especialmente no que se refire a parques infantís, de dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade virucida, debidamente autorizados e rexistrados, ou dunha solución xabonosa no caso de espazos para menores de dous anos de idade.>

Así mesmo, o artigo 3 de dita resolución dispón que os servizos de inspección municipais, autonómicos, no ámbito das súas competencias, serán os encargados de vixiar o cumprimento das medidas recollidas no acordo, correspondendo aos municipios competencias en materia de parques urbanos (artigo 25 LRBRL)

E por isto que o mantemento da apertura de parques infantís esixe o cumprimento das medidas preventivas en materia COVID-19 adoptadas pola Autoridade sanitaria en Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 202 e modificada posteriormente, entre outras, por Resolución do 25 de xuño. Por parte deste servizo considerase que as medidas preventivas en materia COVID-19 nas 113 áreas de actuación: 68 parques infantís, 35 áreas biosaudables e 10 áreas deportivas (anexo) requiren das seguintes labores:

DESINFECCIÓN

O traballo de desinfección necesario para a apertura dos parques infantís, áreas biosaudables e pistas skate é de carácter extraordinario e ten por finalidade garantir as condicións de seguridade e limpeza establecidas pola autoridade sanitaria requiridas na Resolución de 12.06.2020 e complementarias ás labores de mantemento, limpeza desinfección que ven desenvolvendo a empresa adxudicataria municipal do servizo de conservación e reposición de parques infantís,



Concello de Vigo

áreas biosaudables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano, e en ningún momento o substitúe.

Considerando a desinfección dos parques infantís, áreas biosaudables e áreas deportivas, ubicadas en espazos públicos ao aire libre de especial importancia na eliminación da carga viral que poidan conter eses espazos públicos, recoméndase a aplicación dun procedemento de limpeza e desinfección destas áreas que contemple as secuencias de actuacións recollidas no “Procedemento de limpeza viaria ante a pandemia de coronavirus”, do Ministerio de Sanidade, e segundo tamén se establece na “Recomendación de hixiene persoal e para a limpeza e desinfección de espazos habitados e vías públicas en relación á pandemia por COVID-19”, documento elaborado por Dirección Xeral de Saúde Pública Subdirección Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde, Servizo de Sanidade Ambiental.

Tal procedemento establece que para a desinfección de superficies, no caso de precisar a realización de desinfección de superficies de bancos, farois ou calquera outro elemento municipal na vía pública, poderán utilizarse os desinfectantes autorizados de actividade virucida de acordo co listado facilitado polo Ministerio de Sanidade. Deste xeito o tratamento de desinfección e os produtos virucidas a utilizar fronte ao COVID-19 estarán autorizados polo Ministerio de Sanidade, incluídos no Listado de Virucidas autorizados en España para uso ambiental (TP2 desinfección de superficies e áreas). Non se permitirá para a desinfección o uso de hipoclorito sódico en dilución polos seus efectos corrosivos.

Enlace listado produtos Sanidade:

<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos.htm>

Inicialmente establécense 3 rutas diarias, dentro do territorio municipal, con persoal técnico cualificado para poder desinfectar a totalidade dos parques infantís, áreas biosaudables e áreas deportivas indicados no anexo. A desinfección será diaria, de luns a domingo, preferiblemente en horario nocturno. Os equipos disporán de vehículo para os seus desprazamentos.

Empregarase un tratamento a base de pulverización-nebulización mediante mochila de espalda con motor de combustión insonorizado ou eléctrico de gran capacidade de alcance para o tratamento das áreas e dos elementos, para minimizar o ruído nocturno.

Todo o persoal disporá dos medios de protección individual e colectiva para o desenvolvemento desta actividade: filtros de protección facial integral, mascarilla homologada para a actividade a realizar, mono integral impermeable, luvas de nitrilo, xel hidroalcohólico. Deberán xestionar mediante xestor autorizado todos os residuos xerados durante as tarefas obxecto deste contrato.

En cada xornada se emitirá un certificado diario onde se indicarán, como mínimo, os seguintes datos: data, horas de actividade, áreas desinfectadas, produtos empregados, nomes dos aplicadores, formas de aplicación e incidencias.

Os equipos disporán de vehículo para os desprazamentos, e o persoal que preste o servizo disporá de carné vixente de vehículo ou ciclomotor.

Ante calquera incidencia avisará ao seu supervisor para a xestión da mesma. En todo caso o persoal adscrito ao contrato colaborará coas forzas e corpos de seguridade de acordo coa lexislación vixente e cos servizos de emerxencias, no senso de poñer no seu coñecemento, de forma inmediata, calquera incidencia ou situación de risco que se produza durante o seu servizo.

Todos os traballos incluírán os custes salariais segundo convenio, pluses por toxicidade, nocturnidade, desprazamentos, custes de medios e consumibles..

CONTROL DE AFOROS

O servizo a prestar consistirá na realización de tarefas auxiliares de control, vixilancia e supervisión dos aforos dos parques infantís, áreas biosaudables e áreas deportivas do Concello de Vigo en orden a garantir o cumprimento do aforo máximo estimado dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto. Dito aforo establécese na cartelería instalada nestas áreas no momento da súa reapertura.

Inicialmente para cubrir as necesidades de control de aforos nas 113 áreas indicadas no anexo se establecerán catro equipos motorizados de supervisores, que cubrirán catro rutas en xornada partida en horario de 16:00h a 20:00h, os días de luns a venres e de 10:00h a 14:00h e de 16:00h a 20:00h os sábados, domingos, festivos e días non lectivos para os escolares.

Os custes materiais da operación son os asociados a un equipamento mínimo para a súa xestión e os EPIS necesarios para os supervisores: hidroxel, mascarillas e luvas (todos eles a proba de risco biolóxico).

O equipamento para que o persoal poida desenvolver a súa actividade constará de: móbil, caderno de notas, bolígrafo, carpeta e chifro.

Os equipos disporán de vehículo para os desprazamentos, e o persoal que preste o servizo disporá de carné vixente de vehículo ou ciclomotor.

En cada visita deberán cubrir unha folla de control onde se indicarán, como mínimo, os seguintes datos: data, hora, aforo, incidencias, e calquera outro que puidera resultar de relevancia.

Ante calquera incidencia avisará ao seu supervisor para a xestión da mesma. En todo caso o persoal adscrito ao contrato colaborará coas forzas e corpos de seguridade de acordo coa lexislación vixente e cos servizos de emerxencias, no senso de poñer no seu coñecemento, de forma inmediata, calquera incidencia ou situación de risco que se produza durante o seu servizo.

A modificación proposta non altera as condicións esenciais da licitación e adxudicación limitándose a introducir as variacións precisas na prestación do servizo para dar cumprimento as medidas adoptadas pola autoridade sanitaria en materia de desinfección e cumprimento de aforo destas áreas, como requisito da súa apertura. A prestación modificada non require dunha habilitación profesional diferente da esixida para o contrato inicial, toda vez que segundo a nota publicada pola Subdirección xeral de Sanidade ambiental e Saúde Pública do Ministerio de Sanidade de data 10.07.2020, sobre a utilización de desinfectantes de uso profesional polas empresas de limpeza se establece que mentres dure a situación de pandemia, excepcionalmente e, en tanto non se promulgue normativa específica ao efecto, non procede a inscrición no Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Biocidas das empresas de limpeza, sempre e cando utilicen desinfectantes rexistrados e autorizados polo Ministerio de Sanidade como destinados a uso profesional e como complemento as actividades de limpeza, quedando reservada a inscrición para empresas que utilicen biocidas de uso profesional especializado.

Así mesmo o importe da modificación non excede do 10% do importe do prezo de adxudicación do contrato segundo o seguinte detalle, toda vez que as modificacións xa aprobadas estaban previstas no prego de cláusula que rexe o contrato.



Concello de Vigo

Desinfección

- O obxecto da parte deste contrato é o servizo de desinfección diaria dun máximo de 113 áreas -parques infantís, áreas biosaudables e áreas deportivas do Concello de Vigo- indicadas no anexo.
- 68 parques infantís cunha superficie total de 32.734,50 m².
- 35 áreas biosaudables cunha superficie total de 7.934,37 m².
- 10 áreas deportivas cunha superficie total de 11.553,00 m².
- Supón unha area total a desinfectar con periodicidade diaria de 52.221,87 m².
 - O prezo unitario medio de prestación do servizo de desinfección é de 0,017€/m².día.
- Máximo 3 rutas diarias, con unha persoa por cada ruta.
- As áreas son as indicadas no anexo, pero poden sufrir alteración ou cambios durante a vixencia do contrato.

Control de aforos

- O obxecto da parte deste contrato é o servizo de tarefas auxiliares de control e vixilancia de aforos e das medidas de seguridade de 113 areas de parques infantís, areas biosaudables e areas deportivas do Concello de Vigo, indicadas no anexo.
 - 68 parques infantís cunha superficie total de 32.734,50 m².
 - 35 áreas biosaudables cunha superficie total de 7.934,37 m².
 - 10 áreas deportivas cunha superficie total de 11.553,00 m².
 - Supón unha área total a controlar e supervisar con periodicidade diaria de 52.221,87 m².
 - Máximo 4 rutas diarias, con unha persoa por cada ruta.
 - O prezo unitario medio de prestación do servizo de control de aforo e das medidas de seguridade é de 0,011€/m².día.
- (...)

A estes efectos non consta a aprobación de ningún outro expediente de modificación do contrato por causa legal (107 TRLCSP).

Procede ter en conta que nos atopamos nunha situación moi cambiante en función da evolución da pandemia, polo que non é posible precisar con exactitude cales van a ser as necesidades de limpeza, desinfección, aforo e medidas de seguridade dos parques infantís, parques biosaudables, áreas deportivas ou espazos similares de uso público ao aire libre; así como a posibilidade de cambios na normativa e protocolos a ter en conta ou inclusive o peche dos parques como medida máis restritiva.

A maiores, as superficies obxecto das prestacións dos servizos de desinfección e control de aforos e medidas de seguridade establécense como superficies máximas, toda vez que estarán suxeitas as necesidades do servizo segundo o número mínimo de usuarios, as condicións climatolóxicas, a demanda cidadá ou a realización de mantementos correctivos nalgunha das áreas. Por esta razón, os m² de superficie nos que se prestarán os servizos obxecto da modificación do contrato é unha previsión, sendo o custe da mesma un importe máximo en función das necesidades que serán comunicadas á empresa polo responsable do contrato.

O custe da modificación financiarase con cargo á partida orzamentaria 1710.2279902 "Mantemento de parques infantís e biosaudables" e a súa bolsa de vinculación.

A facturación da desinfección e o control de aforo previstos na modificación realizarase de forma independente da factura mensual do contrato de mantemento e conservación en base as prestacións realizadas acompañando a cada factura a relación das áreas, días, horarios e m2 realizados.

E por isto polo que se da traslado deste informe ao servizo de contratación aos efectos de que proceda a tramitación do expediente de modificación do contrato de prestación dos servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivo ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo por un importe máximo de 135.000 euros segundo as necesidades do servizo”.

Sexto.- En data do 7 de outubro de 2020 o concelleiro delegado de Fomento e Servizos, resolveu:

“1º.- Iniciar o procedemento para a modificación do procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, areas deportivo ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo por un importe máximo de 135.000 euros segundo as necesidades do servizo fixándose os seguintes prezos unitarios:

- *servizo de desinfección:0,017€/m2 por día.*
- *servizo de control de aforos e das medidas de seguridade: 0,011€/m2 por día.*

2º.- O aboamento da desinfección e o control de aforos obxecto desta modificación realizarase de forma independente da factura mensual do contrato de mantemento e conservación en base as prestacións realizadas acompañando a cada factura a relación das áreas, días, horarios e m2 realizados con cargo a aplicación presupostaria 1710.2279902 “Mantemento de parques infantís e biosaudables” e a súa bolsa de vinculación.

3º.- Dar audiencia a FERROVIAL, S.A., por prazo de dez días para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan”.

Sétimo.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista manifesta a súa conformidade coa proposta de modificación, en escrito de data 8 de outubro de 2020.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:



Concello de Vigo

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto, refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 105 e 219 TRLCSP, 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 33 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do TRLCSP.

O prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación prevé a modificación do contrato (apartado 16 da FEC) cando concorran as seguintes circunstancias:

- *“Alteracións producidas na superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou redución de unidades de bancos ou bebedeiros*
- *Incorporación de novos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou unidades de bancos ou bebedeiros”*

E permite modificar os seguintes aspectos:

“Diminución ou incremento da superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas e unidades de bancos ou bebedeiros obxecto deste contrato”.

Como se pode apreciar a modificación proposta non encaixa nos supostos de modificación previstos no PCAP, xa que non se incrementan ou reducen as instalacións ou mobiliario urbán obxecto do contrato senon que a consecuencia das medidas adoptadas por mor do COVID-19 é preciso realizar novas tarefas como a desinfección e o control de aforos.

Á vista do exposto cómpre analizar se a modificación proposta encaixa nos supostos de modificacións non previstas contemplados no artigo 107 do TRLCSP.

Establece o citado artigo 107 o seguinte:

“ 1. Las modificaciones no previstas en los pliegos o en el anuncio de licitación solo podrán efectuarse cuando se justifique suficientemente la concurrencia de alguna de las siguientes circunstancias:

a) Inadecuación de la prestación contratada para satisfacer las necesidades que pretenden cubrirse mediante el contrato debido a errores u omisiones padecidos en la redacción del proyecto o de las especificaciones técnicas.

b) Inadecuación del proyecto o de las especificaciones de la prestación por causas objetivas que determinen su falta de idoneidad, consistentes en circunstancias de tipo geológico, hídrico, arqueológico, medioambiental o similares, puestas de manifiesto con posterioridad a la adjudicación del contrato y que no fuesen

previsibles con anterioridad aplicando toda la diligencia requerida de acuerdo con una buena práctica profesional en la elaboración del proyecto o en la redacción de las especificaciones técnicas.

c) Fuerza mayor o caso fortuito que hiciesen imposible la realización de la prestación en los términos inicialmente definidos.

d) Conveniencia de incorporar a la prestación avances técnicos que la mejoren notablemente, siempre que su disponibilidad en el mercado, de acuerdo con el estado de la técnica, se haya producido con posterioridad a la adjudicación del contrato.

e) **Necesidad de ajustar la prestación a especificaciones técnicas, medioambientales, urbanísticas, de seguridad o de accesibilidad aprobadas con posterioridad a la adjudicación del contrato.**

2. La modificación del contrato acordada conforme a lo previsto en este artículo no podrá alterar las condiciones esenciales de la licitación y adjudicación, y deberá limitarse a introducir las variaciones estrictamente indispensables para responder a la causa objetiva que la haga necesaria.

3. A los efectos de lo previsto en el apartado anterior, se entenderá que se alteran las condiciones esenciales de licitación y adjudicación del contrato en los siguientes casos:

a) Cuando la modificación varíe sustancialmente la función y características esenciales de la prestación inicialmente contratada.

b) Cuando la modificación altere la relación entre la prestación contratada y el precio, tal y como esa relación quedó definida por las condiciones de la adjudicación.

c) Cuando para la realización de la prestación modificada fuese necesaria una habilitación profesional diferente de la exigida para el contrato inicial o unas condiciones de solvencia sustancialmente distintas.

d) Cuando las modificaciones del contrato iguallen o excedan, en más o en menos, el 10 por ciento del precio de adjudicación del contrato; en el caso de modificaciones sucesivas, el conjunto de ellas no podrá superar este límite.

e) *En cualesquiera otros casos en que pueda presumirse que, de haber sido conocida previamente la modificación, hubiesen concurrido al procedimiento de adjudicación otros interesados, o que los licitadores que tomaron parte en el mismo hubieran presentado ofertas sustancialmente diferentes a las formuladas."*

Á vista do previsto no artigo 107 do TRLCSP, a modificación obxecto deste informe ten encaixe no apartado 1.e "Necesidad de ajustar la prestación a especificaciones técnicas, medioambientales, urbanísticas, de seguridad o de accesibilidad aprobadas con posterioridad a la adjudicación del contrato".

En efecto, o informe emitido pola xefa adxunta do Servizo de Montes, Parques e Xardíns de 7 de outubro de 2020 motiva a necesidade de modificar o contrato para cumprir co disposto na "Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020 e modificada posteriormente por Resolución do 25 de xuño, que ten como obxecto, establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade" que impón numerosas medidas para evitar os contaxios nos parques infantís e biosaudables, nas zonas deportivas, pistas skate ou espazos similares de



Concello de Vigo

uso público ao aire libre, enumeradas no informe do servizo xestor reproducido no antecedente terceiro desta proposta, e que obrigan a modificación do presente contrato.

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou *ius variandi*, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais:
 1. Os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
 2. A modificación do contrato non poderá realizarse co fin de adicionar prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato a fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do mesmo, o incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente (artigo 105.2 TRLCSP).
 3. No caso de modificacións no previstas nos pregos, como no caso que nos ocupa a modificación non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación, e deberá limitarse a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a fai necesaria (artigo 107.2 TRLCSP).

A estes efectos, determina o artigo 107.3 os casos nos que se alteran as condicións esenciais da licitación e adxudicación:

- a) Cuando la modificación varíe sustancialmente la función y características esenciales de la prestación inicialmente contratada.
- b) Cuando la modificación altere la relación entre la prestación contratada y el precio, tal y como esa relación quedó definida por las condiciones de la adjudicación.
- c) Cuando para la realización de la prestación modificada fuese necesaria una habilitación profesional diferente de la exigida para el contrato inicial o unas condiciones de solvencia sustancialmente distintas.
- d) Cuando las modificaciones del contrato igualen o excedan, en más o en menos, el 10 por ciento del precio de adjudicación del contrato; en

el caso de modificaciones sucesivas, el conjunto de ellas no podrá superar este límite.

- e) En cualesquiera otros casos en que pueda presumirse que, de haber sido conocida previamente la modificación, hubiesen concurrido al procedimiento de adjudicación otros interesados, o que los licitadores que tomaron parte en el mismo hubieran presentado ofertas sustancialmente diferentes a las formuladas.

- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros.

Evacuado trámite de audiencia a Ferrovial Servicios, S.A., manifesta a súa conformidade á modificación proposta en escrito de data 8 de outubro de 2020.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: manter, coas máximas garantías desde o punto de vista sanitario os parques infantís e biosaudables as zonas deportivas, pistas skate ou espazos similares de uso público ao aire libre e evitar así, na medida do posible, os contaxios entre os usuarios e cumprir a “Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020”.

Como dí o informe técnico *“A modificación proposta non altera as condicións esenciais da licitación e adxudicación limitándose a introducir as variacións precisas na prestación do servizo para dar cumprimento as medidas adoptadas pola autoridade sanitaria en materia de desinfección e cumprimento de aforo destas áreas, como requisito da súa apertura. A prestación modificada non require dunha habilitación profesional diferente da esixida para o contrato inicial, toda vez que segundo a nota publicada pola Subdirección xeral de Sanidade ambiental e Saúde Pública do Ministerio de Sanidade de data 10.07.2020, sobre a utilización de desinfectantes de uso profesional polas empresas de limpeza se establece que mentres dure a situación de pandemia, excepcionalmente e, en tanto non se promulgue normativa específica ao efecto, non procede a inscrición no Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Biocidas das empresas de limpeza, sempre e cando utilicen desinfectantes rexistrados e autorizados polo Ministerio de Sanidade como destinados a uso profesional e como complemento as actividades de limpeza, quedando reservada a inscrición para empresas que utilicen biocidas de uso profesional especializado”.*

Respecto dos límites económicos, dado que a modificación supón unha incremento do prezo do contrato é preciso compensar ao contratista. Informa ó respecto o servizo xestor o seguinte:

“Así mesmo o importe da modificación non excede do 10% do importe do prezo de adxudicación do contrato segundo o seguinte detalle, toda vez que as modificacións xa aprobadas estaban previstas no prego de cláusula que rexe o contrato.



Concello de Vigo

Desinfección

- O obxecto da parte deste contrato é o servizo de desinfección diaria dun máximo de 113 áreas -parques infantís, áreas biosaudables e pistas deportivas do Concello de Vigo- indicadas no anexo.
- 68 parques infantís cunha superficie total de 32.734,50 m².
- 35 áreas biosaudables cunha superficie total de 7.934,37 m².
- 10 áreas deportivas cunha superficie total de 11.553,00 m².
- Supón unha area total a desinfectar con periodicidade diaria de 52.221,87 m².
 - O prezo unitario medio de prestación do servizo de desinfección é de 0,017€/m².día.
 - Máximo 3 rutas diarias, con unha persoa por cada ruta.
 - As áreas son as indicadas no anexo, pero poden sufrir alteración os cambios durante a vixencia do contrato.

Control de aforos

- O obxecto da parte deste contrato é o servizo de tarefas auxiliares de control e vixilancia de aforos e das medidas de seguridade de 113 areas de parques infantís, areas biosaudables e pistas deportivas do Concello de Vigo, indicadas no anexo.
 - 68 parques infantís cunha superficie total de 32.734,50 m².
 - 35 áreas biosaudables cunha superficie total de 7.934,37 m².
 - 10 áreas deportivas cunha superficie total de 11.553,00 m².
 - Supón unha área total a controlar e supervisar con periodicidade diaria de 52.221,87 m².
 - Máximo 4 rutas diarias, con unha persoa por cada ruta.
 - O prezo unitario medio de prestación do servizo de control de aforos e das medidas de seguridade é de 0,011€/m².día.
- (...)

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 206 da LCSP) e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

De conformidade co artigo 153.3 da LCSP, tratase dun procedemento sometido a recurso especial en materia de contratación (apartado 1J do Anexo I -FEC- do PCAP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O TRLCSP regula no seu Título IV o Réxime de garantías esixibles na contratación do sector público. Unicamente é preceptiva a esixencia de garantía definitiva.

Esta garantía esexese aos que presenten as ofertas economicamente máis vantaxosas nas licitacións dos contratos que celebren as Administracións Públicas. A súa contía é dun 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido (artigo 95.1 do TRLCSP).

A súa constitución é requisito imprescindible para que se poida adxudicar o contrato ao licitador primeiro clasificado.

Co obxecto de manter a integridade da garantía definitiva, se prevé a súa reposición e reaxuste nos seguintes casos:

- No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía as penalidades ou indemnizacións esixibles ó adxudicatario (artigo 99.2 do TRLCSP).
- Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (artigo 99.3 do TRLCSP).

O artigo 99.3 do TRLCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, o ser un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRJAP) e será precisa a súa formalización.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL).

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).



Concello de Vigo

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o contrato dos servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivo ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo por un importe máximo de 135.000 euros segundo as necesidades do servizo fixándose os seguintes prezos unitarios:

- *servizo de desinfección: 0,017€/m² por día.*
- *servizo de control de aforos e das medidas de seguridade: 0,011€/m² por día.*

2º.- O aboamento da desinfección e o control de aforos obxecto desta modificación realizarase de forma independente da factura mensual do contrato de mantemento e conservación en base as prestacións realizadas acompañando a cada factura a relación das áreas, días, horarios e m² realizados.

3º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que imputará á aplicación presupostaria 1710.2279902 “Mantemento de parques infantís e biosaudables” e a súa bolsa de vinculación.

4º.- Previamente á formalización da modificación do contrato FERROVIAL SERVICIOS, S.A., deberá reaxustar a garantía definitiva nun 5% do valor do incremento da modificación do contrato.

5º.- Formalizar por escrito a presente modificación”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(841).- MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE PROMOCIÓN DEPORTIVA DO PÁDEL A TRAVÉS DA ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “VIGO OPEN 2020-WORLD PADEL TOUR” NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 19441/333.

Visto o informe de xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 6/10/2020, dáse conta do informe-proposta de data 29/09/2020, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En data 10.02.20 o Concelleiro delegado de Deportes, resolveu iniciar o expediente para a elaboración e aprobación de ser o caso por parte do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra dun convenio para o financiamento e a execución das actuacións precisas para o desenvolvemento do proxecto de promoción deportiva na Cidade de pádel a través da organización do evento deportivo “Vigo Open 2020-World Padel Tour”, coa participación de máis de 300 participantes do ámbito internacional, do 22 ó 29 de marzo en Vigo.

Trala tramitación correspondente e previo informe xurídico e de fiscalización en, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 27 de febreiro de 2020, acordou aprobar o “Convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do pádel a través da organización do evento deportivo World Pádel Tour Concello de Vigo na cidade de Vigo” entre o 22 e o 29 de marzo de 2020. Non consta a perfección do convenio entre as partes que opera como requisito de validez dos convenios administrativos.

O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19 a nivel de pandemia internacional e posteriormente o 13 de marzo de 2020, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o acordo polo que se declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego) como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Así mesmo o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarou en todo o territorio nacional o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 que tras un período inicial de quince días naturais foi obxecto de ata seis prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados. Así mesmo o RD 463/2020 declarou a suspensión de actividades deportivas e o peche de instalacións deportivas motive polo cal o evento no se puido celebrar na data convenida.

O Real Decreto 555/2020, do 5 de xuño, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, prevé, no seu artigo 5, que a superación de todas as fases previstas no Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia de COVID-19, determinará que queden sen efecto as medidas derivadas da declaración do estado de alarma nas correspondentes provincias, illas ou unidades territoriais. Ademais, conforme o artigo 6 do mesmo real decreto, serán as comunidades autónomas as que poidan decidir, aos efectos do artigo 5 e consonte a criterios sanitarios e epidemiolóxicos, a superación da fase III nas diferentes provincias, illas ou unidades territoriais da súa Comunidade e, polo tanto, a súa entrada na «nova normalidade».

No DOG de data 13.06.2020 publicouse a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020 modificada por Resolución do 25 de xuño e posterior de data 17 de xullo, que ten como obxecto, establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020 establecendo, entre outras, medidas concretas respecto a celebración de eventos deportivos (3.22) e asistencia de público en instalacións deportivas (3.23).

Na data actual, tendo en conta o marco xurídico e a situación de control da pandemia, e considerando que a celebración do Proxecto de promoción deportiva de Padel a través da organización do evento deportivo “Vigo Open 2020-World Pádel Tour”, converterá á cidade de Vigo durante a súa celebración no centro de atención do pádel no ámbito internacional, máis de 300 deportistas do máis alto nivel internacional, tendo en conta ademais que a participación feminina é do 40 %, e a repercusión sobre os máis de 5 millóns de practicantes en España xeran mais de 624.000 seguidores en redes sociais, e partidos en directo en



Concello de Vigo

televisión e en streaming convertendo a competición nun espectáculo deportivo de gran nivel e competitividade seguido por numeroso público, facendo que Vigo sexa, durante a súa celebración, o epicentro do pádel, dende a Concellería de deportes considérase viable a celebración do Vigo Open-World Pádel Tour entre os días 15 e 22 de novembro na cidade de Vigo.

Non obstante, este cambio de data supón ademais a necesidade de adaptar algunhas cuestións organizativas que van a esixir a adecuación dalgúns dos espazos, xustificada por unha banda pola necesaria adopción de medidas preventivas e sanitarias concretas e por outra polas diferentes condicións climáticas propias da nova data de celebración do evento.

Estas cuestións determinan a necesidade de adecuar o texto do convenio á nova proposta, que contén, en definitiva, os seguintes cambios básicos:

1. Elimináronse as referencias á asistencia de público.
2. Modificouse a data de celebración do evento, que terá lugar ente o 15 e o 22 de novembro de 2020.
3. Modificouse o pacto noveno do convenio, quedando a súa redacción tal e como se detalla:
 - O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actuacións ós que o mesmo se refire, que en todo caso non excederá do 31/12/2020, estendéndose o seu prazo de xustificación como máximo ata o 31/03/2021.
4. Modificouse o importe total do investimento para o desenvolvemento do proxecto detallado no punto 5 dos antecedentes, quedando tal e como se detalla
- 5.- Co obxecto de proceder ó desenvolvemento deste proxecto, detállanse as seguintes especificacións resumidas:

| Investimento |
|---|
| Vigo Open 2020-World Padel Tour |
| Obxecto da actuación: |
| Desenvolver o Proxecto de promoción deportiva de pádel a través da organización do evento deportivo "Vigo Open 2020-World Padel Tour", coa participación de máis de 300 participantes do ámbito internacional, que se disputará do 15 ó 22 de novembro en Vigo. |
| Alcance económico da actuación: |
| 110.000,00 € |

6. Modificouse o importe que o importe da achega municipal, que pasa a ser de 55.000,00€ para o desenvolvemento do proxecto.
7. Modificouse o importe do orzamento de gastos do evento, que na nova proposta é de 317.338,00 €.

Tendo en conta o que vai dito, proponse a modificación da proposta de convenio coa Deputación de Pontevedra aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o pasado 27 de febreiro de 2020, quedando a mesma tal e como se detalla a continuación:

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Os artigos 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL contemplan que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

Os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

Os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente o as Universidades públicas entre sí o con suxeitos de dereito privado para un fin común (artigo 47 la LRXSP) e concretamente conforme o artigo 47.2 da LRXSP constitúen convenio interadministrativo aqueles firmados entre dous o máis administracións públicas, ou ben entre dous o máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependientes de distintas administracións públicas, e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra administración pública, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, para o exercicio de competencias propias o delegadas.

O convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do pádel a través do evento deportivo "VIGO OPEN 2020 - WORLD PADEL TOUR"). A finalidade do convenio está ligada as competencias municipais propias en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, (artigo 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL). Así mesmo o artigo 36 da LRBRL determina como competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de conformidade coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. E o artigo 118 da LALGA atribúe as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos, cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, organización de concursos e exposicións ou de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

O convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/ Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público (artigo 6.2)



Concello de Vigo

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art 199 LALG e artigo 150 da LPAC.

O convenio proposto recolle o contido mínimo establecido no artigo 49 da Lei 4012015

Respecto o gasto co obxecto de proceder ó desenvolvemento deste proxecto, detállanse as seguintes especificacións resumidas:

| Investimento | |
|--|---------------------------------|
| Vigo Open 2020-World Padel Tour | |
| | Obxecto da actuación: |
| Desenvolver o Proxecto de promoción deportiva de pádel a través da organización do evento deportivo "Vigo Open 2020-World Padel Tour", coa participación de máis de 300 participantes do ámbito internacional, que se disputará do 15 ao 22 de novembro de 2020 en Vigo. | |
| | Alcance económico da actuación: |
| | 110.000,00 € |

En todo caso, o proxecto dos investimentos a desenvolver terá relación directa con: Desenvolvemento do Proxecto de promoción deportiva de Padel a través da organización do evento deportivo "Vigo Open 2020-World Padel Tour", que se disputará entre o 15 e o 22 de novembro de 2020 en Vigo, cun orzamento previsto de 317.338,00 €.

A achega do Concello de Vigo realizarase contra a aplicación 3410.2279901

O art. 8.1. letra "b" da Lei de transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, fórmulase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

V.- PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar a PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE PROMOCIÓN DEPORTIVA DO PÁDEL A TRAVÉS DA ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO "VIGO OPEN 2020-WORLD PADEL TOUR" NA CIDADE DE VIGO, transcrito no Anexo da presente.

Segundo.- Dar conta á Deputación provincial de Pontevedra da aprobación da proposta de modificación do convenio que se anexa para o desenvolvemento Padel a través da

organización do evento deportivo “Vigo Open 2020-World Padel Tour”, que se disputará entre o 15 e o 22 de novembro de 2020.

Terceiro.- Tras a firma do presente convenio procederase á tramitación administrativa conducente ó cumprimento dos termos do convenio.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Anexo I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE PROMOCIÓN DEPORTIVA DO PADEL A TRAVÉS DO EVENTO DEPORTIVO “VIGO OPEN 2020 - WORLD PADEL TOUR” NA CIDADE DE VIGO

No Pazo Provincial, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. José Manuel Fernández Pérez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Concelleiro de deportes, en virtude das facultades delegadas por resolución de Alcaldía de data 26/06/2019.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra e D^a María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos ós que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ó tempo que, as



Concello de Vigo

deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo, en base aos principios de colaboración, cooperación e asistencia entre as diferentes Administracións Públicas no exercicio das súas competencias e en asuntos de interese común que se recollen na Lei 40/2015, de 1 de outubro, deciden potenciar a consolidación do deporte como un elemento integrador e a posta en valor dos recursos turísticos do municipio e do seu entorno, posibilitando a consolidación de importantes eventos deportivos no Concello de Vigo.

III.- Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos provinciais do ano 2020, contempla as aplicacións orzamentarias 2020/942.9420.462.14 e 2020/942.9420.762.14 para convenios co Concello de Vigo.

IV.- Que o artigo 36.1.d) da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións a competencia na cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Asemade o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia encoméndalles en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia e por outro lado, a lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, nos seus artigos 7.1 e 7.6 especifica que as deputacións provinciais exercerán no seu correspondente ámbito territorial as competencias de fomento, promoción e difusión do deporte así como calquera outra actuación que redunde no beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

V.- Que, atendendo ó disposto no artigo 25.2.I da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. No mesmo senso, a Lei 3/2012, de de 2 de abril, do deporte de Galicia, sinala no artigo 8.1 entre as competencias dos municipios en materia deportiva, a de fomentar, promover e difundir o deporte.

VI.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VII.- Que o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra consideran que o proxecto do "VIGO OPEN 2020 - WORLD PADEL TOUR" é unha oportunidade única de fomento do deporte do pádel e de promoción turística da Cidade de Vigo, e das Rías Baixas en xeral, xa que o citado evento deportivo desenvolverá unha serie de accións que abarcan, ademais de todos os actos propios da organización do evento na cidade de Vigo, actuacións de promoción previa e posterior á celebración do mesmo, que van dende a difusión preliminar do evento como parte do Circuito Internacional World Padel Tour, que desenvolve en 25 probas en 9 países diferentes, que busca a máxima dinamización do acto para o seu

coñecemento, ata a difusión en redes sociais, cun seguimento de cerca de 900.000 persoas no ano 2019, e o propio acontecemento, que se celebra ó longo de 8 días nos que se xogan tanto a fase previa como as finais do torneo.

Asemade, o devandito proxecto desenvolve complementariamente unha serie de accións de comunicación e difusión a través de redes sociais que fai deste evento deportivo unha boa oportunidade de promoción da cidade acolledora do evento deportivo e do deporte en si mesmo. Esta difusión farase a través da dinamización da prensa escrita, GOL TV, con retransmisión en directo dos partidos de maior interese ou a dinamización a través dunha canle de Youtube, con mais de 266.000 espectadores no 2019, superando en suscriptores a outras competicións de ámbito internacional.

VIII.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e, en desenvolvemento do protocolo de colaboración arriba referido, que contemplan como obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de promoción do deporte e a posta en valor dos recursos turísticos, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, acordan aprobar o presente convenio de colaboración, para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do pádel a través do evento deportivo “VIGO OPEN 2020 - WORLD PADEL TOUR”, na cidade de Vigo, que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo ós seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do pádel a través do evento deportivo “VIGO OPEN 2020 - WORLD PADEL TOUR”, que se disputará entre o 15 e o 22 de novembro de 2020 na cidade de Vigo e que ten a finalidade de promocionar a práctica deportiva do pádel e a promoción turística da cidade de Vigo.

SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

O importe ó que se refire o presente convenio, atende ás necesidades de desenvolvemento do proxecto de promoción deportiva do pádel e de promoción da cidade de Vigo, durante a celebración do “VIGO OPEN 2020 - WORLD PADEL TOUR”. Este proxecto de promoción deportiva conta cun orzamento total de TRESCENTOS DEZASETE MIL TRESCENTOS TRINTA E OITO EUROS (317.338,00 €).

1º.- A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar a cantidade total de CINCUENTA E CINCO MIL EUROS (55.000,00 €) para a execución do citado proxecto de promoción deportiva durante o evento deportivo na edición do 2020.

A achega da Deputación de Pontevedra realizarase contra a aplicación 2020/942.9420.462.14 do orzamento provincial- A Concelllos-Actividades (Vigo-Pontevedra).

2º.- O Concello de Vigo obrígase a achegar a contía total de CINCUENTA E CINCO MIL EUROS (55.000,00 €) para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do pádel durante o citado evento deportivo.



Concello de Vigo

O pago realizarase contra a aplicación 3410.2279901 do orzamento do Concello de Vigo.

As aportacións comprometidas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo consisten nunha contía fixa máxima, no caso de que a actividade realizada teña un custo inferior ó inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º.- A execución do presente convenio e o seu financiamento polas partes asinantes terá lugar co seguinte desglose:

| ACTUACIÓN | ACHEGA |
|--|---------------------|
| Deputación de Pontevedra – Anualidade 2020 | 55.000,00 € |
| Concello de Vigo – Anualidade 2020 | 55.000,00 € |
| TOTAL | 110.000,00 € |

2º.- O Concello facilitará os documentos administrativos tramitados para a contratación do patrocinio para o seu coñecemento, que poderán ser sometidos á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos, e se o estima oportuno, poderaos someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas nos mesmos.

3º.- Formalizado o patrocinio, remitirase unha copia á Deputación Provincial e comunicarase a esta Institución a data e a hora en que terá lugar a súa sinatura, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial.

4º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ó órgano de contratación e ós responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

5º.- A Administración municipal remitira á provincial as sucesivas facturas polas accións de patrocinio que expida a empresa adxudicataria, xunto coa certificación da súa aprobación polo órgano correspondente. A cantidade correspondente a cada factura será reembolsada ó Concello de Vigo pola Administración provincial mediante transferencia bancaria, que será librada logo da fiscalización pola Intervención provincial das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria, e na parte proporcional do financiamento. Para a súa percepción será preciso presentar a seguinte documentación:

- Memoria da actividade que se realizou e dos resultados obtidos debidamente asinada.
- Informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo competente do Concello.

- Facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello.
- Conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada.
- Declaración responsable de que os gastos e ingresos que figuran na conta xustificativa se destinaron á actividade obxecto do convenio.
- Declaración responsable de que os ingresos obtidos e das subvencións ou axudas obtidas non superan o custo da actividade.
- Memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade.
- Certificación de pagamento a favor do adxudicatario do contrato de proxecto de promoción deportiva, asinado polo Tesoureiro do Concello de Vigo.
- Acreditación da difusión dada á colaboración da Deputación no financiamento da actividade.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

O Concello de Vigo presentará a documentación xustificativa no prazo de tres meses, como máximo, desde a finalización do prazo para a realización da actividade. Non obstante, o Concello de Vigo poderá facer xustificacións parciais segundo se vaian executando cada unha das actuacións obxecto do contrato de promoción deportiva.

CUARTO.- COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Vigo obrígase a:

- Levar a cabo a tramitación administrativa vinculada co contrato de patrocinio do evento “VIGO OPEN 2020 - WORLD PADEL TOUR”.
- Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Dirixir, executar e controlar o cumprimento dos termos do patrocinio.
- Remitir, unha vez formalizado, unha copia do contrato de promoción deportiva do pádel á Deputación Provincial.
- Xustificar perante a Deputación as accións de patrocinio executadas mediante a presentación das correspondentes facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a prestación dos servizos obxecto do mesmo levouse a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
- Destinar os fondos percibidos ó obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ó Tribunal de Contas e ó Consello de Contas.



Concello de Vigo

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ó cumprimento das obrigas contidas na normativa reguladora en materia de subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

QUINTO.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

A Deputación de Pontevedra obrígase a:

Achegar a contía derivada do presente convenio, achegando a cantidade correspondente, de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, na parte proporcional do financiamento.

O pagamento das diferentes prestacións obxecto do convenio realizarase de acordo co establecido no pacto terceiro (“Execución do Convenio”).

Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requerida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ó Tribunal de Contas e ó Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767, de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00 euros.

SEXTO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións de promoción deportiva do VIGO OPEN 2020 - WORLD PADEL TOUR incluírase a imaxe corporativa que a este fin facilite, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra.

As accións de promoción a desenvolver no marco do convenio que terá por obxectivo procurar atraer a turistas de diferentes perfiles e segmentos á cidade de Vigo, así como o fomento do deporte do pádel, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración prestada pola Deputación de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

SÉTIMO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo das contratacións subvencionadas.

OITAVO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.

Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.

A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ó efecto as instrucións oportunas

A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten de ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.

Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.

A Comisión de Seguimento reunirase cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ó seu responsable e ó seu secretario que levantará acta das súas reunións.

NOVENO.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actuacións ás que o mesmo se refire, que en todo caso non excederá do 31/12/2020, estendéndose o seu prazo de xustificación como máximo ata o 31/03/2021.



Concello de Vigo

DÉCIMO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ó responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

6º.- Polo incumprimento do contrato por parte da empresa adxudicataria.

UNDÉCIMO.- RÉXIME XURÍDICO E XURIDICIÓN.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector Público: a Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control, as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

4(842).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE VIGO (EMMV). EXPTE. 23977/332.

Visto o informe de fiscalización do 6/10/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 5/10/2020, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música de Vigo (EMMV) (23.977-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música de Vigo (EMMV) (23.977-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 17 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música de Vigo (EMMV)

2º.- Aprobar o Prego de prescripcions técnicas (PPT) de 29 de xaneiro de 2020 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de 19 de xuño, que se inclúen no expediente.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 1.785.969, 80 euros (162.360,88€ na anualidade de 2020; 446.492,45€ na anualidade de 2021, 446.492,45€ na anualidade de 2022, 446.492,45€ na anualidade de 2023 e 284.131,57€ na anualidade de 2024) para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música de Vigo, con cargo a partida 3230.227.99.02 “Escola municipal de música de Vigo” e Bolsa de vinculación. O valor estimado do contrato estipulase en 2.232.462,25€.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.



Concello de Vigo

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 8 de setembro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música de Vigo (EMMV) (23.977-332) na seguinte orde descendente:

| | Licitador | Puntuación total |
|---|-----------------------------|-------------------------|
| 1 | ESMUVIGO, SOC. COOP. GALEGA | 93 puntos |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESMUVIGO, SOC. COOP. GALEGA (F-27.779.255), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESMUVIGO, SOC. COOP. GALEGA, o día 9 de setembro de 2020, que presenta a documentación requirida o 22 e 23 de setembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 24 de setembro de 2020 revisou a documentación presentada e acordou, por unanimidade dos membros presentes, conceder un prazo de tres días a ESMUVIGO, SOC. COOP. GALEGA para que puidese emendar a garantía definitiva.

Durante o prazo concedido, o 29 de setembro de 2020, o licitador depositou o aval na Tesourería Municipal.

A Mesa de Contratación na sesión do 5 de outubro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ESMUVIGO, SOC. COOP. GALEGA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ESMUVIGO, SOC. COOP. GALEGA, de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 1 de setembro de 2020 e do acordo da Mesa de Contratación do 8 de setembro polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable mediante fórmula (cláusula 16.3 do PCAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ESMUVIGO, SOC. COOP. GALEGA (F-27.779.255) o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música de Vigo (EMMV) (23.977-332) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 1.785.969,80 euros, exento de IVE.*
- b) Comprométese á realización de 10 días de actividades extraescolares complementarias ofertada (a maiores das audicións periódicas do alumnado) de conformidade co indicado no punto 3.4.1 do Proxecto Educativo da EMMV (Anexo I do PPT).*
- c) Comprométese á impartición de 40 horas de cursos específicos de conformidade co establecido no 3.4.2. do Proxecto Educativo da EMMV.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(843).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA FOLK E TRADICIONAL (E-TRAD). EXPTE. 23978/332.



Concello de Vigo

Visto o informe de fiscalización do 6/10/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 5/10/2020, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música folk e tradicional (E-TRAD) (23.978-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música folk e tradicional (E-TRAD) (23.978-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 17 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional (E-TRAD)

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas (PPT) de 17 de febreiro de 2020 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de 19 de xuño, que se inclúen no expediente.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 1.024.561,40 euros (93.141,95€ na anualidade de 2020; 256.140,35€ na anualidade de 2021, 256.140,35€ na anualidade de 2022, 256.140,35€ na anualidade de 2023 e 162.998,40€ na anualidade de 2024) para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional, con cargo a partida 3260.227.99.18 "Escola municipal de música folk e tradicional" e Bolsa de vinculación. O valor estimado do contrato estipulouse en 1.280.701,75€.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 18 de setembro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de danza de Vigo (EMD) (23.979-332) na seguinte orde descendente:

| | Licitador | Puntuación total |
|---|---|-------------------------|
| 1 | GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L. | 87,50 puntos |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L. (B-36.576.049), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L., o día 21 de setembro de 2020, que presenta a documentación requirida o 24 de setembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de outubro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Concello de Vigo

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 14 de setembro de 2020 e do acordo da Mesa de Contratación do 18 de setembro polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable mediante fórmula (cláusula 16.3 do PCAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L. (B-36.576.049) o procedemento aberto dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música folk e tradicional (E-TRAD) (23.978-332) coas seguintes condicións:

- 1. O prezo total do contrato é de 1.024.500,00 €, exento de IVE.*
- 2. Comprométese á realización de 10 días de actividades extraescolares complementarias ofertadas (a maiores das audicións periódicas do alumnado) de conformidade co indicado no punto 3.4.1 do Proxecto Educativo da ETRAD (Anexo I do PPT).*
- 3. Comprométese á impartición de 60 horas de cursos específicos de conformidade co establecido no 3.4.2 do citado Proxecto Educativo.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(844).- INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO PARA A DECLARACIÓN DA NULIDADE DE PLENO DEREITO E, SUBSIDIARIAMENTE, DE ANULABILIDADE, DA RESOLUCIÓN DE AUGAS DE GALICIA, DE DATA 9/07/2020, QUE ADXUDICA O CONTRATO DE SERVIZO DE «EXPLOTACIÓN, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DA PRESA DE EIRAS E DOS SEUS EQUIPOS E

INSTALACIÓNS. FORNELOS DE MONTES E PONTE CALDELAS (PONTEVEDRA)» A FAVOR DE «AIN ACTIVE OM». EXPTE. 419/441.

Dáse conta do informe-proposta do 08/10/2020, asinado polo xefe dos servizos xurídicos Servizos Xerais, o letrado de Asesoría Xurídica e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local do concello de Vigo, en sesión de do 20 de febreiro de 2020, en base ás consideracións de feito e de dereito que se expoñen no acordo, resolveu interpoñer recurso contencioso-administrativo para a declaración da nulidade de pleno dereito e, subsidiariamente, de anulabilidade, da resolución de Augas de Galicia, publicada por esta, na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia o 14 de outubro de 2019, pola que se aproba o expediente para a contratación do servizo de «explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras e dos seus equipos e instalacións. Fornelos de Montes e Ponte Caldelas (Pontevedra)» e se dispón a apertura do procedemento de adxudicación.

En cumprimento deste acordo a Asesoría Xurídica do concello de Vigo interpuxo recurso que, co número 7156/2020, se segue, como procedemento ordinario ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en impugnación da aprobación do expediente para a contratación do dito servizo de «explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras e dos seus equipos e instalacións. Fornelos de Montes e Ponte Caldelas (Pontevedra)» e da apertura do procedemento de adxudicación do contrato, que foi admitido por resolución de 16 de abril de 2020.

Por escrito de data 15 de setembro seguinte, don Rubén Curros Bermúdez, en calidade de responsable do contrato de servizo para a explotación, conservación e mantemento da dita presa, comunicou a esta Administración municipal que o contrato foi xa adxudicado e que está prevista a súa próxima execución, polo que sería conveniente manter unha «reunión técnica de coordinación dos traballos obxecto da indicada contratación e os que o concello de Vigo desenvolve como titular dunha concesión dun caudal de augas con destino ao abastecemento»

A dita adxudicación, que tivo lugar o 9 de xullo de 2020, foi notificada ao adxudicatario e aos demais licitadores e publicada a formalización do contrato no DOUE de 11 de setembro de 2020, porén esta adxudicación non foi notificada a este concello de Vigo, a pesares de ser este interesado no expediente, como recorrente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa da aprobación do expediente de contratación e da apertura do procedemento de adxudicación.

Cómpre volver a recordar aquí que: (i) do texto da Resolución da Dirección Xeral de Obras Hidráulicas do Ministerio de Obras Públicas, de 31 de xullo de 1962, publicada no BOE de 17 de agosto de 1962, resulta que a explotación do encoro de Eiras, tras a súa posta en funcionamento, correspondía e foi asumida polo Concello de Vigo: a autorización ao concello de Vigo polo entón Ministerio de Obras Públicas ao Concello de Vigo o era «1ª (...) para aproveitar del río Oitaven augas mediante la creación de un embalse regulador de unos seis millones de metros cubicos en las proximidades del lugar de Eiras, en terminos de Fanelos de Montes y Puente Caldelas (Pontevedra) con destino a la ampliación del abastecimiento de aguas de la ciudad», precisando que «11ª.-El Ayuntamiento cancesionario queda obligado a cumplir, tanto en la construcción como en la explotación, las



Concello de Vigo

disposiciones de la Ley de Pesca Fluvial para conservación de las especies (...)» e que «17ª. El Ayuntamiento concesionario queda abligado a tener las obras en perfecto estado de conservación, evitando toda clase de filtraciones que puedan originar perjuicio a tercero». Á Comisaría de Aguas del Norte de España correspondía «La inspección y vigilancia de las obras e instalaciones, tanto durante la construcción como en el período de explotación del aprovechamiento»; (ii) que o concello de Vigo inicialmente operou e explotou a presa e prestou o servizo de abastecemento e saneamento de auga ao municipio directamente e sen órgano especial de administración; que posteriormente, o Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 30 de marzo de 1981, acordou transformar a forma de prestación do servizo municipalizado de augas para pasar a prestalo mediante xestión directa da Corporación, a través de sociedade privada municipal, a Empresa Municipal de Augas de Vigo, S.A.; (iii) que por Real Decreto 2792/1986, de 30 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de obras hidráulicas, a Administración do Estado transpasou á Comunidade Autónoma os dereitos e obrigas que á primeira correspondían en relación coa presa de Eiras, entre os que so se contaba a inspección e vixianza da presa, pero non a súa explotación, mantemento e conservación, que correspondía ao Concello de Vigo, a virtude do título concesional, sen que tal explotación, conservación e mantemento, fora asumida de feito, en ningún momento, pola Administración hidráulica do Estado; (iv) que disolta e liquidada a empresa municipal de augas que prestaba o servizo de abastecemento e saneamento de augas á Vigo e que, como prestación incluída no servizo, operaba e explotaba o encoro de Eiras, o servizo pasou a prestarse, a partir do 8 de xaneiro de 1991, en réxime de concesión administrativa, pola UTE Seragua-Focsa, actualmente "FCC AQUALIA, S.A. Y FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A., Ley 18/1982, DE 26 DE MAYO", abreviadamente "FCC AQUALIA VIGO, U.T.E."; (v) que, daquela, as prestacións, obxecto do contrato adxudicado por Augas de Galicia xa están sendo realizadas pola concesionaria do servizo municipal de augas, en virtude do contrato de xestión de servizos concertado entre esta e o concello de Vigo para a xestión integral do abastecemento e saneamento de augas ao termo municipal de Vigo; que este contrato de xestión, en forma de concesión do servizo público de augas de Vigo inclúe a explotación, mantemento e conservación do encoro de Eiras; funcións corresponden ao concello de Vigo, desde o inicio do funcionamento da presa, a virtude do título concesional e que —temos que volver a insisistir— non foron obxecto de transferencia á Administración autonómica polo Real Decreto 2792/1986, de 30 de decembro, porque este decreto transferiu os dereitos e obrigas das que era titular o Estado en relación, no que aquí importa, coa presa de Eiras, e entre elas so estaba a inspección e vixianza da presa, pero non a explotación, conservación e mantemento, que correspondía ao concello de Vigo, que é quen ven realizando tales funcións desde a posta en funcionamento do encoro, directamente ou, como sucede na actualidade, indirectamente, a través da concesionaria do servizo de augas da cidade; (vi) que tales circunstancias fan inválido o expediente de contratación e a adxudicación do contrato adxudicado pola Administración hidráulica para a explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras e dos seus equipos e instalacións e (vii) que aínda que as Normas de Explotación da presa nomean Director de Explotación a un funcionario ou contratado laboral de Augas de Galicia, con funcións de supervisión e vixianza do encoro —que son as que corresponden a Augas de Galicia, como Administración competente nesta bacía intracomunitaria, a virtude do decreto de transmisión de funcións—, as mesmas normas recoñecen que a explotación material e as tarefas de conservación e mantemento do encoro se realizan de feito polo concello de Vigo, a través da súa concesionaria.

Cómpre subliñar aquí que a pretensión de Augas de Galicia de que a mercantil contratada por esta pase a entrar en posesión da presa e a ocupar esta como explotadora é inadmisíbel en ausencia dun procedemento contraditorio que, con audiencia ao concello de Vigo e a súa concesionaria de augas, culmine cunha resolución firme na que se dispoña a cesación da situación de feito e de dereito actual de explotación, conservación e mantemento do encoro de Eiras polo concello de Vigo a través da súa concesionaria do servizo de augas e a atribución destas funcións a favor de Augas de Galicia, pois noutro caso estaríamos en presenza dunha vía de feito por parte de Augas de Galicia.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Interpoñer recurso contencioso-administrativo para a declaración da nulidade de pleno dereito e, subsidiariamente, de anulabilidade, da resolución de Augas de Galicia de 9 de xullo de 2020 pola que adxudica o contrato do servizo de «explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras e dos seus equipos e instalacións. Fornelos de Montes e Ponte Caldelas (Pontevedra)» a favor de «Ain Active Om».

Segundo.- Solicitar a acumulación deste recurso ao que co número 7156/2020, se segue, como procedemento ordinario, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en impugnación da aprobación do expediente de contratación do dito servizo e da apertura do procedemento de adxudicación do contrato; e solicitar, así mesmo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a suspensión da executividade da resolución de adxudicación do contrato a «Ain Active Om» ou, subsidiariamente, a suspensión da execución do contrato adxudicado en tanto non se resolvan os ditos recursos, habida conta da colisión de potestades públicas e da executividade dos actos administrativos das dúas administracións públicas concernidas que se produciría de persistir Augas de Galicia na súa pretensión de substituír a concesionaria de augas do concello de Vigo, como explotadora da presa de Eiras, por «Ain Active Om», adxudicataria do contrato impugnado.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e cinco minutos.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez